

MANIFESTO «NINGUÉN SEN HOGAR» 2024

Este ano queremos iniciar un camiño. Un camiño para combater o sin-fogarismo! Un camiño que non podemos facer sós, soas. Necesitamos a implicación e o compromiso de toda a sociedade e das administracións.

Queremos ser voz e altofalante das persoas que sufren a forma de exclusión residencial máis severa e poñer de manifesto unha vez máis, que non é un problema individual, senón que afecta a toda a sociedade.

A crise da vivenda e a xentrificación obríganos a vivir na incerteza: Alugueiros insostibles, falta de vivenda pública e de protección social, o que ocasiona a expulsión dos nosos veciños e veciñas e achéganos un pouco máis a poder sufrir unha situación de sin-fogarismo.

En España, na actualidade, hai miles de Persoas en Situación de Sen Fogar, unha cifra indecente, cando sabemos que hai 4 millóns de vivendas baleiras. Un absurdo, que fai que nos sintamos en desprotección ante a lei, xa que se vulneran constantemente os nosos dereitos fundamentais.

Cando nos negan o dereito a unha vivenda digna, tamén se vulnera todos os nosos dereitos. Xa que vulnerar un implica vulnerar outro.

Se non temos acceso a unha vivenda digna e segura temos dificultades para ter e manter un emprego, para empadroarnos, para acceder a prestacións e deteriora a nosa saúde física e mental.

A falta de recoñecemento e protección dos nosos dereitos básicos íllanos da sociedade e nos invisibiliza. Fai que sintamos en soidade, con medo e vergoña, perdidos e perdidas, que sintamos rexeitamento, tristeza e sen orientación neste camiño cheo de pedras e dificultades.

É por iso que lle pedimos a sociedade que acompañe e apoie as persoas sen fogar, que as vexamos con respecto, que as miremos dende a empatía, con confianza e comprensión, dende a proximidade e a humanidade.

Ás institucións pedímoslles apoio para conseguir os nosos obxectivos: respecto e garantía de que poidamos exercer os nosos dereitos, facilitar o acceso a vivendas dignas e alcanzables, regularización da situación administrativa das persoas migrantes, igualdade de oportunidades, para a formación e para poder contar con empregos dignos.

Somos homes e mulleres, novas, persoas migrantes, persoas con discapacidade, traballadores pobres, que chegamos ata aquí desde diferentes lugares e circunstancias, cuxa maior motivación é continuar avanzando, afrontando os obstáculos e as dificultades que nos afectan, avanzando neste camiño cara a unha vida que mereza a pena ser vivida.

Para iso necesitamos que os condicionantes sociais sexan favorables e que se atendan as nosas demandas, que nos mires, nos apoies e que nos acompañes neste camiño.